



dl vg 81-201

SUMARIO

Título	Autor	Páxina
Editorial.		3
Que é o antiespecismo?	Redacción.	4
Remedios Varo	Ilustrísima's	6
Colabora!	Redacción	7
Acoso Sexual do presidente do club Leis as xogadoras de fútbol sala	Marcha Mundial das Mulleres	8
A Boia entra nas cadea	Carlos Casal	10
Novidades na Lei de Seguridade Cidadá	Ines Casarejos / QAS	11
Por que formamos Espazo VegaFeminista	Espazo VegaFeminista	12
Folga de fame do preso Javi Guerrero no Hospital de Pontevedra	CATC	14
Voltamos a rotonda	Asemblea Aberta de Goia	15
Portada	Silvia Pérez (Shivi)	
Almanaque	Redacción	

0.50€

nº 23

Febreiro-2015

**COLABORA
CONNOSCO!**

aboia.info

revistaaboia@gmail.com

Tirada do número anterior:
172 exemplares.

A boia por Revista A Boia atópase
baixo unha Licencia Creative
Commons Atribución-NoComercial-
CompartirIgual 3.0 Unported

Locais de distribución:

Café Bizarro (Vigo), Ferriñas (Vigo),
Irmandiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo),
Mercado da Tía Ni (Sabarís), Café
Uf (Vigo), Cova dos ratos (Vigo),
CS Bou Eva (Vigo) Tetería
Rosalinda (Vigo), Bar
Princesa (Vigo), Taberna
do Jefe (Gangas), Taberna
O rincón (Gangas), La
bolera (Moaña), Rañolas
Café (Gondomar), O Cafeciño
(Ramallosa) Casa Colorida (Nigrán),
CS Fuscillo (A Guarda), Detrás do
Marco (Vigo), Edra (Vigo), Galería
Jazz (Vigo), Café Bar A Pola (Vigo),
Cantina Candela (Vigo), Quinta da
Candela (Vigo), La casa de arriba
(Vigo)

RECICLA

EDITORIAL

Unha vez pasado o 2014 habería que facer un hipotético reconto total do número de vítimas inocentes que inxustiza e a barbarie se cobraron nestes 365 días. A persoa encargada de computar esas cifras moi probablemente pasaría polo alto a porción máis importante desas vítimas, centrándose unicamente no xénero humano, polo que a ese resultado faltaríanlle bastantes ceros.

Afortunadamente para os animais (para evitar eufemismos especistas ímonos referir a eles como os non humanos), **cada vez máis xente vai tomando consciencia da súa dor e do seu sufrimento, resultando disto un crecente labor de denuncia e educación por parte dos movementos de liberación animal.** A loita é longa e o camiño malamente está comezando a ser camiñado, pois son amplos os sectores da poboación os que directamente desprezan esta loita, por entenderen que hai cousas máis importantes ou, aínda máis común, por defenderen a rancia visión de que os animais están no mundo (agás claro que sexan as súas mascotas) para servírnos de prato na mesa. Dende que a principios dos anos 70 se iniciaron os Movementos de Liberación Animal as posturas e enfoques, tanto persoais como colectivas, teñen derivado nunha enorme diversidade de enfoques á hora de abordar a cuestión dos dereitos dos animais. **Durante anos, os movementos abolicionistas veñen**

acumulando unha serie de argumentos de carácter científico que non fai máis que apuntalar a conveniencia dunha postura que xa tiña gañada a batalla no campo da ética. En efecto, segundo a FAO (Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura), a **industria animal, non contenta co seu particular xenocidio, é responsable da deforestación do 30% da superficie terrestre e da emisión do 18% dos gases de efecto invernadoiro que afogan a atmosfera.** Mais todo este sensentido non sería posible sen a descomunal forza que outorgan as crenzas culturais sustentandas por unha educación que nos ensina a ver as nosas mascotas como belas criaturas, mentres somete a outras, con idénticos intereses vitais, á tortura e ao encerro, obviando que a liberdade e os dereitos non entenden de especies.

DEMOCRACIA FRONTE “OS MERCADOS”
MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRUIR
PERSA + ACTÚA + ORGANÍZATE

QUE É O ANTIESPECISMO?

Redacción.

Definamos o antiespecismo por oposición ao especismo. O antiespecismo sería aquela ideoloxía contra a discriminación por razón de especie. A crenza de que a vida humana, e só ela, é "sacrosanta" constitúe unha forma de especismo, mais non a única. Na actualidade, a posición privilexiada que suscitan os animais de compañía tradicionais como os cadelos e os gatos con respecto a outros non humanos é vista tamén como unha forma de especismo. Esta posición é denominada polo abolicionista Gary Francione como unha sorte de "esquizofrenia moral" xa que consideramos algúns non humanos como membros da nosa especie mentres temos na nosa mesa a outrxs que non difiren deles.

"O antiespecismo é unha ideoloxía contra a discriminación dos animais por razón de especie"

AS ORIXES DO PROBLEMA

A ideoloxía especista vén medrando dende a orixe da maioría das culturas, (xa se dá un enfoque cousificado dos animais nas escrituras máis antigas). Esta postura continuará na práctica totalidade do pensamento moderno que defende a propiedade, o usufruto e a explotación dos animais non humanos pola humanidade, en aras da súa imperfección e a súa carencia de pensamento racional. Este xeito de pensar atopou o seu reflexo na realidade social ate a aparición dos Movementos de Liberación Animal a principios da década de 1970.

OS DEREITOS ANIMAIS

A recente preocupación polo estatus ontolóxico dos non humanos agromou en certas melloras (algunhas, certo é, de carácter cuase-simbólico) que permitiron finiquitar certas prácticas crueis e denigrantes como a vivisección, a experimentación, o confinamento extremo nas gaiolas de engorde ou, mesmo a tauromaquia. Parte da culpa destas mellorías tivoa a Declaración Universal dos Dereitos Animais asinada en Londres no 1977, que partía da base de que todo animal, con respecto ao trato humano, posúe certos dereitos como o "dereito á existencia, e a un trato digno e respectuoso". Mentres, a precisión deste punto divide fortemente ás defensoras dos dereitos animais entre benestaristas e abolicionistas:



Peter Singer

"A ignorancia é a primeira liña de defensa do especismo"

Benestaristas: Defenden o trato benévolo e “humanitario” a todo animal non humano que estea baixo dominio humano. Avogan pola fin da tortura e dos malos tratos. Non se posicionan contra o seu sacrificio sempre que este sexa beneficioso para o ser humano e aconteza baixo condicións de non crueldade.

“O abolicionismo avoga pola total extinción das relacións de explotación dos animais non humanos por parte da humanidade”

Abolicionistas: Avogan pola total extinción da relacións explotadoras dos animais non humanos por parte da humanidade. En reflexo disto, propugnan, a diferenza da corrente benestarista, o veganismo como medio de alimentarse e vivir respectuosamente con aqueles seres sentintes, non interferindo nas relacións que os animais non humanos poidan ter no seu habitat. Polo tanto, calquera explotación gandeira ha de ser abolida. Mais existen tamén divisións de opinións no tocante aos animais domesticados que verían moi complicada a súa existencia en medios naturais, como as galiñas ou os cans, cuxa domesticación despoxounos das mais elementais técnicas de supervivencia

TIPOS DE MALTRATO ANIMAL

Os animais de compañía son as vítimas máis comúns da crueldade, sendo os cans e cadelas os que máis denuncias reciben. A forma máis común de causarlle dano aos animais no planeta é disparándolles, pero podemos clasificar as formas de maltrato animal en:

1. Abandono de animais domésticos. Cada día millóns de animais son abandonados en diferentes espazos e condicións, provocando un contexto onde

se producen todo tipo de agresións e violencia.

2. Maltrato en nome da ciencia. Os animais vense como un obxecto onde experimentar de xeito realista e a baixo custo. Esta consideración implica todo tipo de probas traumáticas e dolorosas.

3. Maltrato con finalidade económica. Poderíamos incluír aquí dous grande grupos: As empresas de cosméticos e téxtil así como as industrias cárnicas. Tanto nunhas como outras consideran aos animais como unha materia prima de onde obter beneficio a través do seu sacrificio.

4. Maltrato con finalidade lúdica. A tauromaquia, as pelexas de galos ou cans, a caza do raposo, etc son diferentes xeitos de entender o lecer e a diversión a través do maltrato e a morte dos animais.



Foto:Equanimal

E TI QUE PODES FACER?

Infórmate e informa ás persoas da túa contorna sobre os diferentes tipos de percibir a realidade na relación entre persoas e animais. Denuncia as situacións de maltrato que coñezas. Participa en campañas, iniciativas e mobilizacións que busquen a mellora das condicións de vida dos animais. Colabora e insírete en grupos antiespecistas e de abolición do maltrato animal..

REMEDIOS VARO

Ilustrisima's

Ademais de pintar moi ben, Remedios dúbida enredaron boas chacarrandainas
fixo o que lle saíu da berberecha sempre. pola terra do mezcal.
Máxima camarada de Dora Carrington, sen



COLABORA



revista

a



boia

Contracultura dende a ría

Envia os teus textos, artigos, ilustracións, fotografías,
eventos para o almanaque, poemas, relatos, etc ...

a través da web: aboia.info ou no correo : revistaaboia@gmail.com

ACOSO SEXUAL DO PRESIDENTE DO CLUB LEIS 26 AS XOGADORAS DE FÚTBOL SALA*

Marcha Marcha Muncial das Mulleres

O pasado mes de novembro tres xogadoras do Club Leis 26 de Fútbol Sala de Pontevedra rachaban co seu silencio e denunciaban nos medios de comunicación e no xulgado o trato denigrante e vexatorio por parte do Presidente do devandito Club, José Antonio Nieto San Juan.

As tres xogadoras relatan algúns feitos recollidos pola Federación deportiva de Finlandia, ou polo Consell Català de l'Esport como formas de acoso:

- Pullas e insultos de connotación sexual
- Xestos ou expresións faciais ou corporais de natureza sexual
- Suxerencias e comentarios de natureza sexual en relación ao propio corpo, vestimenta, vida privada, ...
- Chamadas telefónicas, mensaxes (sms) correos electrónicos, ou cartas de contido sexual
- Enviar ou amosar material fotográfico ou obxectos de contido sexual
- Bromas sexistas ou burlonas....

"O presidente do Club Leis 26 de Fútbol Sala, amparado na súa posición de superioridade, trataba as xogadoras dun xeito denigrante, vexatorio e humillante ata chegares ao acoso sexual"

Este home durante 15 longos meses, valéndose dunha posición de superioridade -amparada no seu cargo dentro do Club- as trataba dun xeito denigrante, vexatorio e humillante de forma continua; insultábaas chamándoas

putas ou lesbianas; provocaba situacións incómodas ás xogadoras buscando encontros illados e individuais con elas; mandáballes mensaxes a horas intempestivas, moitas veces con alto contido erótico e sexual.

"As xogadoras que denunciaron os feitos foron apartadas das convocatorias ao mesmo tempo que se lles imposibilita transferir a súa ficha a outro club"

Estes feitos desencadearon o medo, a inseguridade e o menoscabo na súa integridade moral e psíquica ata que acordaron denunciar tales feitos e foron apartadas das convocatorias do Club (aínda que non as deron de baixa, o que lles impide xogar noutro club).

**sácalle tarxeta vermella
aos acosadores**





A demanda foi desestimada e -aínda que non estamos de acordo coa súa desestimación e actualmente esta recorrida- podemos ler no auto: "...O Dereito Penal é a resposta máis grave ante determinadas condutas. É importante advertir que non se debe pretender que ante calquera conduta reprochable a reacción que teña a sociedade sexa exclusivamente o Dereito Penal. Mal irá unha sociedade que só sabe empregar tal instrumento e que só entende que se debe reprochar aquilo que é delito, como se un acto polo feito de non ser delito xa non merecera reproche social ou resposta dende as institucións."

Non podemos consentir que unha vez máis as mulleres deportistas teñan que aturar un trato vexatorio e situacións de acoso, e que non sexan recoñecidas como profesionais dentro do mundo do deporte.

Tendo en conta que o Código de Ética Deportiva da UNESCO establece que

"A UNESCO establece que as organizacións deportivas teñen a responsabilidade de garantir a protección a menores e mulleres fronte o abuso e o acoso sexual"

as organizacións deportivas teñen a responsabilidade de velar pola implantación de garantías no contexto dun marco xeral de apoio e protección a menores, novas e mulleres, con obxecto de protexer do abuso e acoso sexual aos grupos antes mencionados.

**SOLICITAMOS A VOSA SOLIDARIEDADE
COAS RAPAZAS DO CLUB LEIS
DE PONTEVEDRA E QUE VOS
MANIFESTEDES EN CONTRA DO
ACOSO .**

** este texto enviouse por correo a todos os clubs de fútbol con algún equipo feminino de Galicia*

A BOIA ENTRA NAS CADEAS

Redacción

Dende o momento do seu nacemento na revista A Boia tivemos moi claro un dobre obxectivo: servir como voceiro de todas as causas, loitas, sensibilidades,... que normalmente non teñen espazo no medios de comunicación do sistema (precisamente por oporse ao sistema); e que as follas d'A Boia chegase ao maior número de persoas posibles.

Por isto último é que, ao final do mes, os exemplares d'A Boia que aínda quedan nas caixiñas espalladas pola nosa bisbarra, son cuidadosamente recollidos polas nosas colaboradoras de distribución co obxecto de ser posteriormente liberais nas rúas, na universidade, no transporte e edificios públicos, nalgunha lavandería, ...

"En 2015 A Boia tamén chegará a persoas presas nas cadeas de Galicia"

Neste 2015, gracias a iniciativa da CNT de Vigo, A Boia tamén chegará dentro dos muros das cadeas do sur de Galicia. En xaneiro enviáronse tres exemplares a tres presos n'A Lama; pero nos vindeiros meses agardase amplialo a máis centros e persoas.

LEMBRA, CANDO METES UNHA MOEDA NO PETO D'A BOIA ESTÁS ESPALLANDO CONTRACULTURA E PODER POPULAR

GRACIAS POR COLABORAR



febreiro

2

3

4

5

6

Obradoiro de guitarra
na Cova dos Ratos,
de 19 a 21

8

9

10

11

12

"En blanco"
de Carmen Werner
às 22 no teatro Ensalle,
entre 4,5 e 9 euros

"En blanco"
de Carmen Werner
às 22 no teatro Ensalle,
entre 4,5 e 9 euros

Exposición maquetas
barcos con historia,
a partir das 19
no Mercado da Tía Ni

16

Entroido
na Cova dos Ratos,
a partir das 21

18

Proxección
"Mi Hija Hildegart"
(cine + debate),
às 20:30
na Cova dos Ratos

20

Obradoiro de guitarra
na Cova dos Ratos,
de 19 a 21

22

23


24

25

26

27

28



NOVIDADES NA LEI DE SEGURIDADE CIDADÁ

Ines Casarejos / Grupo de Axitación Social

Devolucións en quente



O Grupo Parlamentario popular presentou no último momento a emenda que inclúe na Lei de seguridade cidadá a legalización das "devolucións en quente" en Ceuta e Melilla. A Comisión de Interior aprobouna só cos votos a favor do Partido Popular, polo que se cambia pola porta de atrás a Lei de estranxeiría.

Faltas de respecto á Policía



Os insultos ou faltas de respecto contra axentes de policía durante a celebración de concentracións xa estaban incluídos como infracción leve no artigo 37.4. Agora, a raíz dunha emenda presentada polo propio PP, a infracción aplíase a calquera situación en que os axentes dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado estean a exercer as súas funcións.

Centros de telecomunicacións.

A partir dunha emenda, tamén do PP, as infraestruturas de telecomunicacións quedan incluídas no grupo de localizacións con especial protección. A intrusión nestes centros ou a obstrución do seu funcionamento agora constituirán unha infracción grave, castigada con multas de 601 a 30.000 euros.

Venda ambulante

O artigo 37.7, que sinalaba como infracción leve a ocupación de inmobles, inclúe agora tamén a ocupación da rúa e, expresamente, a venda ambulante non autorizada, que pasan a estar castigadas con multas de 100 a 600 euros.

Capuchas e concentracións



A marxe para identificar a persoas que tapen a cara medra. Tralos últimos cambios, este control poderá realizarse tamén cando a prenda tape a cara parcialmente. No caso das concentracións no Senado, Congreso e parlamentos autonómicos, agora tamén se castigan aínda que non causen unha perturbación grave.

POR QUE FORMAMOS ESPAZO VEGA FEMINISTA?

Espazo VegaFeminista

Em 2012, nas Jornadas Ecofeministas levadas adiante em Compostela, das que gardamos umha lembranza muito boa, algunhas mulleres decidimos propor umha dinámica de traballo sobre dereitos dos animais. As que ali nos juntáramos nom nos conhecíamos e vínhamos de mundos diferentes, mas compartilhávamos o activismo feminista e antiespecista. Para além disso, havia umha grande preocupação que nos unia: como artelhar um movimento que defenda os feminismos e os movimentos de defesa dos animais. Sentíamos, cada umha desde o seu lugar, que estes dous movimentos estavam muito distantes, o qual nos fazia sofrer em cada um dos espaços nos que militávamos, e queríamos tentar traballar no seu achegamento. Depois, aos poucos, foram unido-se novas pessoas interessadas no "Vegafeminismo".

Por que é que o antiespecismo e os feminismos devem apoiarse?

O antiespecismo está baseado numha igualdade que, por coerência, é levada até as suas últimas consequências lógicas: até essa ideia de que todos os seres sentintes merecem consideração moral. Assim, o movimento antiespecista toma como

tema centrar o que é negado noutros movimentos sociais: a opressom animal.

"Parece-nos umha eiva que, nalguns casos, se reproduçam dentro do movimento antiespecista comportamentos relacionados com a opressom de género"

Compartimos aqui essa raiz igualitária, e parece-nos umha eiva que, nalguns casos, se reproduçam dentro do movimento antiespecista comportamentos relacionados com a opressom de género.

Nom pretendemos que o antiespecismo considere como tema próprio a "igualdade de género", para isso já existem os feminismos; mas queremos que o movimento nom colabore com o patriarcado, por coerência com a sua raiz igualitária e porque a opressom das mulheres constitui umha violação dos dereitos fundamentais. Reivindicamos aqui o desejo de dialogar entre o movimento feminista e antiespecista, com a ideia de ir traballando em possíveis e futuras alianças.





Por outra banda, achamos que um movimento antiespecista mais inclusivo seria mais forte e mais eficaz. Nos grupos antiespecistas nos que se respire um aire de igualdade e no que nengumha pessoa se sinta siscriminada, haverá umha base de confiança que reforçarça os vínculos e o compromisso das pessoas integrantes com os objetivos do grupo. Além do mais, um movimento antiespecista que aprenda doutros movimentos sociais emancipatórios, como o feminismo, e que esteja aberto a eles, enriquecera-se. Por exemplo, nom é muito conhecido que algumas mulheres feministas estiverom desde o início no movimento antiespecista e que deixaram nele a sua pegada. Já entre as sufragistas atopamos ativistas entusiastas da antiviviseção e vegetarianas.

Que cousas temos entre maos?

Fizemos um Obradoiro Vegafeminista nas jornadas de Autoformação Feminista, um lugar de encontro entre mulheres feministas. Neste obradoiro falamos das similitudes entre a opresom das mulheres e a dos animais. Foi muito interessante apresentar-lhe a outras companheiras a nossa ideia da justiça feminista, que se espalha também á defesa dos direitos dos animais. Além disso, comentamos a nossa experiência pessoal como

ativistas dentro do movimento feminista e antiespecista e a dor que nos causa a sua distância. Gostariamos de continuar a realizar este tipo de obradorios, pois é um âmbito de aprendizagem para nós. Agora mesmo estamos a preparar umha "Guia de boas práticas para evitar o sexismo no movimento antiespecista". Faremos em breve umha apresentação desta Guia, com a ideia de que as pessoas que asistam participen na Guia. Estadades todas convidadas.

"Estamos a preparar umha 'Guia de boas prácticas para evitar o sexismo no movimento antiespecista'"

Onde atoparnos?

Temos unha página de Facebook: "Espazo vega- feminista"

Nesta página vamos colgando novas de interesse que vencelham os feminismos e o antiespecismo, assim como artigos de interesse para reflexionar e debater.

Para por-vos em contacto connosco, unir-vos ao nosso trabalho, debater... também podedes escrever-nos um correio electrónico: espazovegafeminista@gmail.com.

FOLGA DE FAME DO PRESO JAVIER GUERRERO NO HOSPITAL DE PONTEVEDRA

Grupo Galiza Sur da coordinadora anticarcelaria "Campaña Cárcere = Tortura"

Javi foi ingresado de urxencia no Hospital Provincial de Pontevedra o pasado 5 de xaneiro, despois de 24 días sen comer e máis de 2 días de folga de sede no cárcere da Lama. A súa folga comezou o 14 de decembro despois de que arbitrariamente a dirección penitenciaria lle anulase unha saída para unha cita médica (o 3-12-14., para o que se alegou falta de transporte policial) así como un permiso para o 30 de nadal para poder ir visitar a súa filla familia. Esta última suspensión (acontecida o 11-12-14) foi xustificada pola incautación a Javi dun discman sen a etiquetaxe da cadea e, aínda que posteriormente se demostrou que dito discman non era de Javi, a autoridade mantivo a suspensión de todos os seus permisos.

"Javi non só fai folga pola súa inxusta situación, senón tamén demanda a correcta aplicación do regulamento penitenciario, unha sanidade digna para as persoas internas e o cese da represión dentro das cadeas"

Javi, activista polos dereitos das persoas presas, non só fai folga pola resolución da súa propia situación, senón tamén demanda a correcta aplicación do regulamento penitenciario, unha sanidade digna para as persoas internas e o cese da represión que se está a exercer a persoas que defenden os seus dereitos dentro das cadeas.


Coa súa loita lembra as pasadas loitas de compañeiros na cadea da Lama no presente ano, onde algúns fixeron xaxúns, prantes, cortes de veas e folgas de fame, coma a de 50 días que fixo Emilio Sánchez en agosto e setembro deste ano.

Tamén cómpre lembrar a morte do preso e activista "Gaviotu" en extrañas circunstancias en abril deste ano.

O preso deixou a folga de sede o mercores día 7 despois de case 4 días sen beber, estando a súa saúde en grave risco. Ten diferentes doenzas que se están a agravar polo acto de protesta, e espérase que quede ingresado varias semanas máis. Por outro lado o cárcere continúa a dificultar a visita das súas amizades e familiares no Hospital e, incluso, dos avogados que o asisten.

Dende o grupo Galiza Sur da coordinadora anticarcelaria "Campaña Cárcere = Tortura" (CACT) estanse a facer concentracións nas inmediacións do Hospital Provincial de Pontevedra (se queres participar escribe a noestansolxs@gmail.com). Queremos que Javi saiba que non está só e que o persoal do Hospital se entere que teñen ingresado un loitador. Sobre todo, queremos que a institución penitenciaria saiba que apoiamos as súas demandas, polo que pedimos que se lle manden cartas de solidariedade: JAVI GUERRERO CARVAJAL, Hospital Provincial de Pontevedra (unidade penitenciaria) Loureiro Crespo, 2, 36002 Pontevedra

www.carcereigualtortura.org



VOLTAMOS Á ROTONDA

Asemblea Aberta de Coia



A veciñanza voltamos o 22 de xaneiro á rotonda para esixir dereitos sociais! O faremos por medio dun acto de rúa no que representaremos o "Vigo real" do que nunca fala o alcalde e o seu goberno. Na cidade que pisamos a maioría vemos... a cada día máis persoas pedindo esmola nas rúas, a cada días máis persoas remexendo no lixo para alimentarse, a cada días máis persoas agardando meses por axudas sociais (RISGA, Axudas de Emerxencia Municipais...), a cada día máis persoas facendo colas nas portas de entidades privadas...

E todo polo desastre de políticas sociais do concello, e tamén da Xunta de Galicia. Unhas políticas que pasan polos recortes, polo peche de servizos e pola privatización daqueles que queda.

En Vigo, a maiores dos problemas denunciados recentemente polas traballadoras sociais de atención primaria

do propio concello (colapso, demoras na tramitación, persoal insuficiente) hai que engadir que a maior parte dos programas do Departamento de Benestar Social están xestionados por empresas privadas:

- CLECE (empresa de Florentino Pérez):

"En Vigo ademais da falla de persoal, colapso e demoras, atopámonos que os programas do Departamento de Benestar Social están xestionados por empresas privadas"

recibe millóns de euros pola xestión do programa municipal de axuda no fogar (case 3 millóns de euros), polo programa de Intervención Familiar (máis de 500.000 euros) e por parte da xestión de CEDRO.

- Grupo 5 (empresa de xestión de servizos de Madrid): é a concesionaria (700.000 euros) do albergue municipal de Marques de Valterra.

A isto hai que engadir os convenios que o concello, e tamén a Xunta, teñen con entidades privadas que supoñen o desmantelamento dos poucos dereitos sociais que tiñamos para dar paso á mercantilización do sector e ao regreso do asistencialismo e a caridade.

Ante isto esiximos que os cartos de todas estean ao servizo das necesidades da xente.

NON PODE SER OS CARTOS NA ROTONDA E A XENTE SEN COMER!!

